



Estrutura produtiva e económica das explotacións leiteiras cántabras no actual escenario poscotas

Recollemos os resultados preliminares dunhas enquisas realizadas a explotacións con vacún leiteiro en Cantabria tras a eliminación das cotas leiteiras, co fin de coñecer cal é a súa estrutura produtiva e socioeconómica.

Ibán Vázquez González, Elena García Suárez

Área de Socioeconómica. Centro de Investigación e Formación Agrarias (CIFA)

INTRODUCCIÓN

Durante as últimas décadas o sector do vacún leiteiro en España experimentou un intenso proceso de axuste e de transformación, debido ás variacións habidas nas políticas agrarias, nos mercados e na adopción das innovacións tecnolóxicas. Como resultado produciuse un forte descenso no número de explotacións, un incremento da súa dimensión produtiva e do grao de intensificación.

A cornixa cántabrica presenta unha clara especialización cara á produción de leite de vaca. Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco concentran o 79 %

das explotacións leiteiras, o 60 % das vacas leiteiras e o 57 % da produción de leite de España. Actualmente, en Cantabria hai algo menos de 1.300 produtores de vacún de leite (8,7 % do total de España), que converten esta rexión na terceira comunidade española en número, tan só por detrás de Galicia e de Asturias. Ademais, Cantabria é unha rexión eminentemente gandeira, especializada na produción de leite de vaca, actividade que contribúe coa metade do valor económico da produción final agraria.

A eliminación das cotas leiteiras (abril de 2015) sitúa os produtores ante un novo escenario ten asociada a oportunidade de incrementar a produción, pero tamén a ameaza dunha maior volatilidade nos prezos e de inseguridade na comercialización.

MATERIAL E MÉTODOS

O material utilizado forma parte dun proxecto de investigación financiado pola Consellería de Medio Rural, Pesca e Alimentación do Goberno de Cantabria titulado “Seguimiento y mejora de la eficiencia productiva del vacuno de leche en Cantabria en el actual escenario post-cuotas”, cuxo obxectivo é caracterizar a situación actual, a dinámica recente e as estratexias de adaptación das explotacións leiteiras de Cantabria en el actual escenario poscotas.

A enquisa realizóuselles entre novembro de 2016 e febreiro de 2017 a un total de 86 explotacións, seleccionadas aleatoriamente segundo o volume de produción de leite durante a campaña leiteira 2015/2016: <100.000 l (8 enquisas); 100 < 250.000 l (17 enquisas); 250 < 500.000 l (19 enquisas); 500 < 1.000.000 l (15 enquisas); >= 1.000.000 l (27 enquisas).

Neste traballo utilizouse a información relativa á estrutura produtiva (base territorial, gando, alimentación e traballo), familiar e económica. Os resultados preséntanse en valores medios e porcentaxe sobre o total, para os cinco estratos de produción e referidos ao conxunto da poboación (Módulo Mostras Complexas SPSS).

RESULTADOS

En Cantabria había en marzo de 2016 un total de 1.392 explotacións con vacún de leite, que produciron durante a campaña 2015-2016 un total de 439 millóns de litros. Obsérvase un maior número de explotacións pertencentes

Táboa 1. Explotacións e produción durante a campaña 2015-2016 (en número, miles de litros e porcentaxe sobre total)

Produción (miles de litros)	Explotacións		Produción 2015-2016	
	Número	Porcentaxe	Miles de litros	Porcentaxe
<100	364	26,2	30.371	6,9
100 <250	482	34,6	86.936	19,8
250 <500	325	23,4	117.268	26,7
500 <1.000	164	11,8	108.111	24,6
>= 1.000	57	4,1	96.564	22,0
Total	1.392	100	439.250	100

Táboa 2. Principais características da base territorial (SAU)

Produción (miles de litros)	Total (ha)	Arrendada (% s. SAU)	Custo anual arrendamento (€/ha)	Pastos (% s. SAU)	Millo (% s. SAU)
<100	14,6	56,8	215	98,7	1,3
100 <250	26,5	63,8	289	98,2	1,8
250 <500	36,2	50,1	249	90,1	4,8
500 <1.000	40,6	59,3	271	87,5	11,6
>= 1.000	60,8	70,3	337	65,4	34,0
Total	28,6	58,6	263	91,3	7,0

aos estratos de menor produción; con todo, a produción concéntrase nas que teñen maior tamaño. Así, as explotacións con producións anuais iguais ou superiores aos 500.000 litros, que son o 15,9 % do total, concentran aproxi-

madamente a metade da produción (46,6 %) [táboa 1].

BASE TERRITORIAL

A superficie agraria útil (SAU) media por explotación ascende a 28,6

hectáreas (ha); esta increméntase en función da produción de leite. O arrendamento é o principal réxime de tenza da superficie (59 % da SAU) e ten un custo medio anual de 263 € a hectárea. Existen variacións no valor do arrendamento en función da produción de leite; os maiores custos rexístranse nas explotacións con baixa produción (100 a 250.000 l) e moi alta produción (>= 1.000.000 l), que teñen unha maior porcentaxe de superficie arrendada, o cal pode estar a indicar unha limitación da base territorial en canto a dispoñibilidade de superficie, estrutura das parcelas etc. (táboa 2).

Os pastos son o principal aproveitamento da base territorial (91,3 % da SAU), mentres que o millo forraxeiro ten un peso moi reducido (7 %), con excepción das explotacións de maior tamaño, nas que ocupa un 34 % da SAU (táboa 2); por tanto, o millo forraxeiro, que se cultiva tan só no 21 % de explotacións leiteiras de Cantabria, non ten a mesma relevancia que noutras comunidades da cornixa cantábrica, como Galicia ou Asturias. ►►

**NUESTROS EQUIPOS GARANTIZAN
LA MEJOR MEZCLA,
SUS VACAS SE LO AGRADECERÁN**



Distribuidas por:



Avda. Terra Cha, 11
27260 Castro Riberas de Lea (Lugo)
e-mail: info@dovalmaquinaria.com
www.dovalmaquinaria.com

Telf.: 982 310 026
659 445 627
660 417 676
Fax: 982 310 295

► O MILLO FORRAXEIRO NON TEN A MESMA RELEVANCIA QUE NOUTRAS COMUNIDADES DA CORNIXA CANTÁBRICA, COMO GALICIA OU ASTURIAS

Táboa 3. Principais características do gando

Produción (miles de litros)	Vacas totais				Carga gandeira (vacas/ha SAU)
	Número	Secas (% s. total)	Xovencas > 12 meses (% s. total)	Lonxevidade (n.º de lactacións)	
<100	18,5	23,0	42,6	4,5	1,6
100 <250	36,9	19,1	46,1	4,4	1,7
250 <500	50,4	14,3	32,5	4,0	2,1
500 <1.000	80,3	16,1	32,4	3,7	2,3
>= 1.000	177,7	13,4	38,4	3,0	3,0
Total	46,1	16,8	38,2	4,2	1,9

GANDO

O tamaño medio das ganderías leiteiras de Cantabria ascende a 46 vacas (17 % secas), cunha carga gandeira de 1,9 vacas por ha de SAU. A taxa de recría, considerada como a porcentaxe de xovencas con máis de 12 meses, equivale ao 38 % do total dos animais, mentres que a lonxevidade das vacas no momento da súa eliminación ten un valor medio de 4,2 lactacións (táboa 3).

A medida que aumenta a produción de leite, increméntanse o número de vacas e a carga gandeira; pola contra, descenden a porcentaxe de vacas secas e a lonxevidade, de tal maneira que parece observarse un maior grao de especialización e intensificación produtiva nas explotacións de maior tamaño.

As granxas con produción igual ou superior ao millón de litros teñen de media 178 vacas, das cales tan só o 13,4 % están secas, o que fai indicar un bo manexo reprodutivo; a taxa de recría, que equivale ao 38,4 %, parece elevada, o cal se relaciona co maior grao de intensificación produtiva que vemos na menor lonxevidade das súas vacas (3 lactacións) e a maior carga gandeira (3 vacas por ha de SAU). Nas explotacións máis pequenas (<250.000 l), a taxa de recría é mesmo superior (43-46 %), a pesar de ter vacas máis lonxevas (4,5 lactacións); este feito é atribuíble a unha diversificación da actividade agraria cara á recría, para obter ingresos complementarios á produción de leite.

ALIMENTACIÓN

Os principais sistemas de alimentación das vacas en lactación de Cantabria son o pastoreo e o sistema *unifeeder* con carro mesturador. O pastoreo é realizado por un 52 % de explotacións, e hai un 21 % que o combina coa alimentación de herba fresca en presebe, mentres que a ración completa (sistema *unifeeder*) é realizada por un 27 % das explotacións leiteiras de Cantabria. As restantes reciben unha alimentación en presebe, baseada no consumo de herba en fresco, forraxes conservadas e concentrado (táboa 4).

Táboa 4. Principais sistemas de alimentación (porcentaxe de explotacións)

Produción (miles de litros)	Pastoreo	Carro mesturador
<100	87,5	0
100 <250	52,9	11,8
250 <500	42,1	42,1
500 <1.000	6,7	80,0
>= 1.000	7,4	96,3
Total	52,1	27,3

TRABALLO

As unidades de traballo ano (UTA) ascenden a 2 UTA, das que o 9,4 % son de tipo asalariado. Ambas as magnitudes increméntanse en función da produción de leite, representando o traballo asalariado máis dunha cuarta parte do total nas explotacións con produción igual ou superior aos 500.000 litros (táboa 5).

Con respecto á organización do traballo, cómpre dicir que unha cuarta parte dos titulares das explotacións leiteiras de Cantabria dispón ao ano dalgún día libre para vacacións, mentres que un 55 % contrátalles labores a empresas de servizos agrarios. As explotacións de maior tamaño mostran unha mellor organización do traballo, pois case a metade das explotacións con produción igual ou superior aos 500.000 litros dispoñen de días de vacacións. En relación ás empresas de servizos agrarios, obsérvase unha maior contratación nas explotacións con baixa produción (< 100 l) e moi alta produción (>= 1.000 l); nas primeiras asóciase á non dispoñibilidade de recursos (maquinaria, traballo...), mentres que nas segundas é consecuencia do elevado volume de actividade.

Táboa 5. Principais características da organización do traballo

Produción (miles de litros)	UTA		Explotacións (% sobre total)	
	Total	Asalariada (% s. total)	Vacións	Servizos agrarios
<100	1,5	0,0	25,0	87,5
100 <250	1,9	0,0	17,6	29,4
250 <500	2,1	7,6	21,1	52,6
500 <1.000	2,7	26,8	46,7	53,3
>= 1.000	4,5	38,2	63,0	77,8
Total	2,0	9,4	25,6	54,8

► CONFORME AUMENTA A PRODUCCIÓN DE LEITE, DESCENDE A IDADE DO TITULAR E INCREMÉNTANSE A PORCENTAXE DE TITULARES HOMES E A DOS QUE TEÑEN FORMACIÓN SECUNDARIA

Táboa 6. Principais características do titular e a estrutura da familia

Produción (miles de litros)	Titular ou representante		
	Idade	Homes (% s. total)	Formación secundaria (% s. total)
<100	52,4	62,5	12,5
100 <250	50,7	76,5	17,7
250 <500	54,4	84,2	21,1
500 <1.000	49,1	93,3	20,0
>= 1.000	48,6	92,6	29,6
Total	51,7	77,3	17,9

TITULAR E SUCESIÓN

En relación ás características do titular, a súa idade media ascende a 51,7 anos, dos cales un 77 % son homes e o 18 % posúe estudos secundarios. Conforme aumenta a produción de leite, descende a idade do titular e increméntanse a porcentaxe de titulares homes e a dos que teñen formación secundaria. Así, nas explotacións con maior produción (≥ 1 millón de litros), os titulares teñen unha idade media de 48,6 anos, o 93 % son homes e o 29,6 % ten estudos secundarios (táboa 6).

Nas ganderías leiteiras de Cantabria obsérvase un certo grao de envellecemento; a maioría dos seus titulares (54,8 %) teñen unha idade igual ou superior aos 55 anos. Ademais, existe un maior grao de envellecemento nas explotacións que teñen menor produción de leite (< 100.000 l), pois tres de cada catro titulares teñen unha idade igual ou superior aos 55 anos.

Ao problema do envellecemento engádese a ausencia de sucesión a medio prazo, pois tres de cada catro ganderías cuxo titular ten unha idade igual ou superior a 55 anos di non ter sucesión. Ademais, a ausencia desta está máis presente nas explotacións con menor produción, sendo do 100 % nas de menos de 100.000 litros (táboa 7).

Táboa 7. Titular ≥ 55 anos e sucesión (porcentaxe de explotacións)

Produción (miles de litros)	Explotación idade titular ≥ 55 anos (% s. total)	Explotación sen sucesión (% s. tit. ≥ 55 anos)
<100	75,0	100,0
100 <250	52,9	66,7
250 <500	47,4	66,7
500 <1.000	40,0	0,0
>= 1.000	25,9	28,6
Total	54,8	72,1

ESTRUTURA ECONÓMICA

A enquisa incluía un bloque específico sobre a estrutura económica da explotación. Con estes datos pretendíase estimar a conta de resultados da explotación para o último ano de referencia (2015). A interpretación dos resultados aquí presentados debe facerse con cautela, posto que a información procede dunha enquisa; con todo, cremos que obtivemos unha aproximación non moi afastada da realidade.

Considérase produto bruto a suma de todos os ingresos relacionados coa actividade agraria (venta de leite, subvencións, venda de gando e outros ingresos derivados de actividades agrarias). Nos custos totais considéranse as seguintes partidas agrupadas en catro bloques: custos específicos (alimentos comprados, alimentos producidos, sanidade, reprodución e hixiene e outros específicos do gando); custos xerais (reparación e mantemento, auga, luz, teléfono, carburantes e resto de xerais); amortizacións técnicas de maquinaria e construcións, e, en último lugar, os factores externos (arrendamento, salarios e intereses). ►

Táboa 8. Estimación da conta de resultados para o ano 2015

Produción (miles de litros)	PRODUTO BRUTO			CUSTO TOTAL			
	Total (euros)	Leite (% s. total)	Subvencións (% s. total)	Total (euros)	Al. comprados (% s. total)	Específicos (% s. total)	Xerais (% s. total)
<100	40.646	69,1	19,7	31.253	38,6	53,2	34,3
100 <250	72.792	71,3	16,8	66.616	44,8	55,2	27,9
250 <500	132.286	82,3	12,1	103.158	52,3	64,2	21,1
500 <1.000	232.574	84,3	9,3	193.829	45,4	59,4	19,8
>= 1.000	636.425	85,7	6,5	503.076	50,8	67,6	16,7
Total	120.168	80,0	11,9	98.750	47,5	60,8	22,6

O produto bruto por explotación ascende de media a 120.000 euros, dos cales un 80 % procede da venda de leite e un 12 %, das subvencións. O custo total medio ascende a 99.000 euros, dos que case a metade (47,5 %) se debe á compra de alimentos, principalmente concentrados. Tanto os ingresos coma os custos aumentan coa dimensión produtiva da explotación. Tamén se incrementan o peso relativo dos ingresos do leite, debido ao maior volume de produción, e os custos en alimentos comprados, pois son sistemas máis intensivos cuxa alimentación ten unha maior dependencia na achega de concentrado e de forraxes conservadas. Pola contra, descende o peso relativo dos custos xerais, debido ao maior volume de produción e á redución de custos fixos derivados das economías de escala (táboa 8).

A marxe neta ou renda agraria para o ano 2015 ten un valor medio de 21.500 euros por explotación. A renda agraria medra en función do nivel de produción. Nas explotacións máis pequenas, con producións inferiores a 250.000 litros, a renda é inferior a 10.000 euros; nas que teñen producións comprendidas entre os 250.000 litros e o millón de litros, a renda media móvese na pinza dos 30 aos 40.000 euros; as máis grandes que producen máis de 1 millón de litros teñen unha renda media de 133.000 euros.

▶ AS EXPLOTACIÓNS DE MENOR TAMAÑO TEÑEN UNHA MENOR RENDA AGRARIA, O QUE, UNIDO Á FALTA DE SUCESIÓN, AMOSA DÚBIDAS SOBRE A SÚA CONTINUIDADE FUTURA

CONCLUSIÓNS

O traballo realizado con base nunha enquisa permitiu coñecer o sistema produtivo, o manexo, a sucesión e os principais resultados económicos das explotacións leiteiras de Cantabria.

O arrendamento é o principal réxime de tenza de superficie, cun custo medio anual de 263 € a hectárea a medida que incrementa a súa importancia. O aproveitamento maioritario da base territorial son os pastos, que é compartido co millo nas ganderías de maior produción.

Existe unha elevada concentración da produción de leite nas explotacións de maior tamaño, que son menos numerosas. Estas mostran un maior grao de especialización cara á produción de leite, son máis intensivas e teñen un manexo do gando máis controlado, aínda que con menor lonxevidade. Ademais, presentan unha mellor organización do traballo, da que destaca unha maior asalarización ou o feito de que os titulares dispoñen de vacacións. O seu sistema de alimentación está baseado en ración completa con carro mesturador (sistema *unifeeder*), e son máis dependentes da achega de concentrado.

As explotacións de menor tamaño son moito máis numerosas, aínda que teñen un carácter moito máis limitado en termos de produción. Nelas existe un menor grao de especialización cara á produción de leite, son máis extensivas e o seu sistema de alimentación no pastoreo. Ademais, presentan titulares máis envellecidos que non teñen garantida a súa sucesión a medio prazo.

O prezo do leite e o do concentrado son dous factores determinantes na rendibilidade económica das explotacións; as de menor tamaño teñen unha menor renda agraria, o que, unido á falta de sucesión, amosa dúbidas sobre a súa continuidade futura. ■

REFERENCIAS

Arnalte E. (2007) Economía política de ajuste estructural en la agricultura de los países desarrollados. Políticas agrarias y ajuste estructural en la agricultura española, 17-54.

Calcedo V. (2013) Cantabria en el sector lácteo español: un radical cambio estructural. Revista Española de Estudios Agrosociales y Pesqueros, 234, 13-48.

FEGA (2018) Fondo Español de Garantía Agraria. Declaraciones obligatorias del sector vacuno de leche: noviembre de 2017. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medioambiente.

https://www.fega.es/sites/default/files/Informe_vacuno_noviembre.pdf Consultado: 22 de enero de 2018.

Santiso J. y Sineiro F. (2016) La política láctea europea, en cuestión. Crisis de excedentes y problemas específicos en el sector lácteo español. El sector lácteo español en la Encrucijada, 57-91.

Sineiro F., Santiso J., Calcedo V. y Lorenzana R. (2010) El sector lácteo: escenarios de evolución. COVAP. I premio internacional ganadería COVAP. Pozoblanco, Córdoba. 50-53.